

[Encontro Sectorial Asesorías-Consultorías, Unión de Cooperativas EspazoCoop]

Programa Itinerario de Intercooperación 2022

[Actividade realizada no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social - POISES- e da REDE EUSUMO]

DATA REALIZACIÓN	Xoves 12 de Maio de 2022	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	09:30 – 11:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Formato virtual (Zoom)		
PERSOA DE CONTACTO	Teresa Balado Barciela (Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop)	TELÉFONO	607698239
		E-MAIL	teresa@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Presentar o Programa Itinerario de Intercooperación 2022
- Presentar a sectorial de Asesorías – Consultorías de ESPAZOCOOP, e difundir e potenciar a incorporación de novas cooperativas á mesma.
- Xerar un espazo de coñecemento mútuo e promoción de posibles accións de cooperación entre as cooperativas e persoas participantes.
- Fomentar a co-creación de proxectos de intercooperación
- Afondar en temáticas de interese para as cooperativas do sector.
- Análise e detección de necesidades compartidas.

PROGRAMA - CONTIDOS

09.30 h.- Benvida e presentación das persoas e cooperativas participantes. Presentación da Sectorial de Asesorías e Consultorías de ESPAZOCOOP
 10:00 h.- Presentación do Programa Itinerarios de Intercooperación – Edición 2022. Presentación de outros programas, actividades e convocatorias públicas de interese para o sector.
 10:30 h.- Dinámica de traballo en grupos. Se abrirán dúas salas :
Sala 1 - Co-Creación de posibles proxectos de intercooperación : Creación dunha rede de Tutoría con consultorías especializadas, creación de espazos coworking para cooperativas en diferentes localidades, entre outros proxectos posibles.
Sala 2 - Modificación da Lei de Cooperativas de Galicia : Análise e recollida de aspectos normativos de interese.
 11:15 h.- Plenario de recollida do traballo dos grupos e peche do encontro.

METODOLOXÍA

Os Encontros desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

Neste Encontro abrirase un espazo para formular preguntas e intercambio de comentarios e tirar conclusións sobre a dinámica de traballo realizada nos diferentes grupos, que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.

Dinamizará o Encontro a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

DIRIXIDO A

- Cooperativas socias de EspazoCoop de forma preferente.
- Outras cooperativas galegas (non asociadas á Unión).



Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2022 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social do Goberno de España.
- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepas e financiado polo FSE.